



OURENSE, A OITO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 14-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA DH 25/26

Equipos participantes: R.C. NÁUTICO DE VIGO - C. MARINA FERROL

Día/hora: 26-4-26; 18:00

FEITOS

ÚNICO: O día 4-5-26 foi remitida a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, recóllense os seguintes feitos:

"No minuto 03:13 do terceiro período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria á xogadora n.º 7 visitante, Dna. Raquel Pena Ferrer, por protestar decisións arbitrais dende a auga cos brazos en alto tras ser advertida previamente. Marcha da zona de competición continuando cos gritos cara os colexiados."

FEITO SEGUNDO: O día 5-5-26 deuse trámite de audiencia á interesada polo prazo de dous días hábiles.

FEITO TERCEIRO: Transcorrido o prazo conferido, non constan efectuadas alegacións que desvirtúen a presunción de veracidade da que goza a acta arbitral.

FEITO CUARTO: Da literalidade do anexo resulta que a conduta da xogadora non rematou coa expulsión definitiva con substitución

disciplinaria, senón que continuou ao abandonar a zona de competición, mantendo os berros cara aos colexiados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos descritos son constitutivos de infracción **LEVE** do art. 7.I.1, epígrafe "A", do Libro III do Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación: protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCEIRO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8, son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade.
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa.
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para as infraccións leves no artigo 9 son, entre outras, suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

FUNDAMENTO DE DEREITO QUINTO: A normativa específica de waterpolo da tempada 2025/26 dispón, para as sancións a xogadores/as no caso de expulsións disciplinarias, que a primeira expulsión definitiva comportará un partido de sanción, engadíndose un partido máis nos casos nos que, tras producirse a expulsión, se continúe coa conduta sancionable.

No presente caso, consta unha expulsión definitiva con substitución disciplinaria e, ademais, que a xogadora abandonou a zona de

competición continuando cos berros cara aos colexiados, polo que procede a imposición de sanción por dous encontros.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEXTO: A sanción deberá cumprirse na categoría na que se produciu a infracción, conforme ao réxime de cómputo previsto na normativa específica de waterpolo da FEGAN.

RESOLUCIÓN

Impor a **RAQUEL PENA FERRER**, xogadora do **C. MARINA FERROL**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos: **SANCIÓN LEVE, consistente en SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENZA FEDERATIVA POR DOUS ENCONTROS NA CATEGORÍA LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA DH.**

En lugar e data ut supra,

JOSÉ ANTONIO NÓVOA

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense

Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN